| | |
|---|---|
| EXPEDIENTE: | ***SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, PEQUENA REFORMA OU AMPLIACIÓN DE DIVERSOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO 2019-2020*** |
| ASUNTO: | ***INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN*** |
| TIPO DE CONTRATO: | ***SERVIZOS*** |
| PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: | ***ABERTO*** |

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

*"Artigo 28.Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.*

*1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."*

## 1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

- Centro Xestor propoñente: CX-09
- Persoa responsable do seguimento: Xefe do servizo de Proxecto e Obras

## 2. OBXECTO DO CONTRATO

Contrato de servizos de asistencia técnica para a execución de operacións de conservación, reparacións, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago.

## 3. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Establecese un procedemento de licitación ABERTO.

## 4. DIVISIÓN POR LOTES

- SI: [ ]
- NON: [X]

Proponse un contrato único sen lotes. A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. Por outra banda, a división en lotes, ou a execución do servizo plantexado por unha pluralidade de contratistas diferentes do obxecto do contrato, implicaría a necesidade de ter que coordinar a execución das diferentes prestacións con diferentes contratistas, o cal, dada a súa complexidade, implicaría poñer en risco a finalidade do servizo que se pretende contratar.

## 5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

A finalidade perseguida é o mantemento dos edificios e instalacións e os seus espazos libres anexos en perfecto estado de conservación e funcionamento, cumprindo todas as exixencias legais establecidas para os mesmos. Igualmente se persigue asegurar a súa vida útil e a dos seus elementos construtivos, ase como un adecuado aspecto. O nivel dos servizos a desenvolver deberá ser tal que o estado actual dos edificios e instalacións se beneficie coas naturais melloras que o coidado permanente producen. As tarefas previstas para o contrato deberán realizarse asegurando o funcionamento continuo dos edificios e instalacións, minimizando os posibles tempos de parada como consecuencia de avarías e das súas reparacións.

Ante a insuficiencia de medios persoais e/ou materiais propios o Servizo de Proxectos e Obras non dispón de capacidade para realizar as tarefas de mantemento dos edificios e instalacións de titularidade municipal, polo procede a contratación do servizo por medio de empresas privadas. (art. 116.4 f)).

## 6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA/CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

Establecese como clasificación supletoria para a xustificación da solvencia técnica e económica:

- Grupo O, Subgrupo 1, Categoría 3

## 7. NOMENCLATURA (CPV)

Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares.

## 8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O orzamento por período anual contractual é o seguinte:

| Descripción | Importe |
|---|---|
| Orzamento de execución material | 521.322,33 € |
| 21 % de IVE | 109.477,69 € |
| ***Total orzamento anual*** | **630.800,02 €** |

Tendo en conta un prazo de execución de licitación de dous (2) anos, con independencia das posibles prórrogas do contrato que puideran acordarse polo órgano de contratación, o orzamento por períodos anuais contractuais e xeral resulta ser o seguinte:

| Descripción | Importe | | Total |
|---|---|---|---|
| | Ano 1 | Ano 2 | |
| Orzamento de execución material | 521.322,33 € | 521.322,33 € | 1.042.644,66 € |
| 21 % de IVE | 109.477,69 € | 109.477,69 € | 218.955,38 € |
| ***Total orzamento contractual (dous anos)*** | **630.800,02 €** | **630.800,02 €** | **1.261.600,04 €** |

## 9. PARTIDA ORZAMENTARIA

A aplicación orzamentaria da operación son as seguintes, tramitándose como expediente **anticipado de gasto.**

| Departamento: | Partida | Importe (IVE incluído) | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| | | Ano 1 | Ano 2 | |
| Departamento de educación | 080 32300 21200 | 400.000,00 € | 400.000,00 € | 800.000,00 € |
| Servizos xerais | 010 92000 21200 | 90.000,01 € | 90.000,01 € | 180.000,02 € |
| Casa das asociacións | 010 33404 21300 | 4.000,01 € | 4.000,01 € | 8.000,02 € |
| Centros e locais socioculturais | 040 33403 21200 | 44.800,00 € | 44.800,00 € | 89.600,00 € |
| Benestar social | 020 23101 21200 | 24.000,00 € | 24.000,00 € | 48.000,00 € |
| Instalacións deportivas | 090 34200 21200 | 68.000,00 € | 68.000,00 € | 136.000,00 € |
| **Total** | | | | **1.261.600,04 €** |

Existencia de confinanciación:

- SI: ☐
- NON: ☒

## 10. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

Inclúense a continuación os seguintes orzamentos parciais indicativos:

- Orzamento por períodos anuais contractuais.
- Orzamento por períodos anuais contractuais e xeral.
- Orzamento por exercicios orzamentarios (anualidades) e xeral.

### 10.1. Orzamento por períodos anuais contractuais

| Descripción | Importe |
|---|---|
| Orzamento de execución material | 521.322,33 € |
| 21 % de IVE | 109.477,69 € |
| ***Total orzamento anual*** | **630.800,02 €** |

**10.2. Orzamento por períodos anuais contractuais e xeral**

| Descripción | Importe | | Total |
| --- | --- | --- | --- |
| | Ano 1 | Ano 2 | |
| Orzamento de execución material | 521.322,33 € | 521.322,33 € | 1.042.644,66 € |
| 21 % de IVE | 109.477,69 € | 109.477,69 € | 218.955,38 € |
| ***Total orzamento contractual (dous anos)*** | **630.800,02 €** | **630.800,02 €** | **1.261.600,04 €** |

**10.3. Orzamento por exercicios orzamentarios (anualidades) e xeral.**

| Periodo anual contractual | Exercicio orzamentario (anualidades) | | | Total |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| | 2019 | 2020 | 2021 | |
| Orzamento de execución material | 434.435,28 € | 521.322,33 € | 86.887,06 € | 1.042.644,66 € |
| 21 % IVE | 91.231,41 € | 109.477,69 € | 18.246,28 € | 218.955,38 € |
| ***Total orzamento xeral por anualidades*** | **525.666,68 €** | **630.800,02 €** | **105.133,34 €** | **1.261.600,04 €** |

O resultado final do procedemento de licitación será unha porcentaxe de baixa a aplicar de forma xeral a todos os prezos unitarios do Cadro de prezos do Prego de Prescricións Técnicas Particulares. O orzamento de licitación dispoñible para o contrato poderá consumirse na súa totalidade mediante a realización das tarefas definidas, é dicir, a baixa de adxudicación queda a disposición do contrato para realizar unha maior cantidade de medicións segundo o obxecto do contrato.

## 11. PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

- Prazo máximo de execución: dous (2) anos.
- Prazo máximo de prórrogas: ata dous (2) anos en posibles prórrogas parciais.

## 12. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

Medición e abono mensual conforme o sinalado no apartado 5.2 do PPTP.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018

O xefe do Servizo de Programación e Proxección e Proxectos e Obras

Antonio Ranedo Santillana

PROGRAMACIÓN E PROXECCIÓN PROXECTOS E OBRAS
CONCELLO DE SANTIAGO

Concelleiro Delgado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial

Rafael Peña Vidal



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org